



Rede Miriam. Espiritualidade ignaciana feminina

Inés Irene Abril Stoffels



A Rede Miriam somos un grupo de mulleres laicas e relixiosas de espiritualidade ignaciana que á luz das novos paradigmas teolóxicos e cunha perspectiva de xénero, sentímonos convocadas a recrearnos e acompañarnos no camiño individual e colectivo de crecemento espiritual e liberación persoal e social.

Somos conscientes de que o patriarcado afunde as súas raíces en todas as construcións e institucións sociais e desde aí sentimos a necesidade de de-construír os símbolos, a linguaxe e o imaxinario social e relixioso para poder xerar espazos reais e simbólicos onde as mulleres, desde a súa diversidade e integridade, poidamos acompañarnos no camiño de crecemento e liberación que nos mostra Xesús de Nazaret. Este camiño de de-construción-construción e liberación pretende liberar e enriquecer tanto a homes como a mulleres porque estamos convencidas de que o feminino, substancial a toda a creación e a todo o creado é divino e só desde o recoñecemento do seu valor, a vida será Vida en abundancia e para todos e todas.

Cada unha de nós experimentou que o verdadeiro encontro con Xesucristo móstranos un Deus que soña coa liberación e dignificación das mulleres; que se indigna coas mil formas de discriminación estrutural e simbólica que sufrimos; un Deus empeñado día a día nunha humanidade onde homes e mulleres convivamos en igualdade e liberdade. Un Deus que toma parte polas mulleres, que é tamén muller, que inspira o noso *xa abunda!*

Desde aí, instadas polo Espírito Santo, queremos colaborar na construción dese mundo fraterno onde homes e mulleres, librados